

Problema506: Compróbase experimentalmente que a reacción  $2A + B \rightarrow C$  é de primeira orde respecto de A e de primeira orde respecto de B.

- Escribe a expresión da ecuación de velocidade.
- Cal é a orde total da reacción?
- Que factores poden modificar a velocidade da reacción?

- Escribe a expresión da ecuación de velocidade.

$$v = k \cdot [A] \cdot [B]$$

- Cal é a orde total da reacción?

Sumamos os expoñentes, é unha reacción de segunda orde global.

- Que factores poden modificar a velocidade da reacción?

- As concentracións dos reactivos.
- O estado físico e grao de división dos reactivos.
- A temperatura.
- A presenza de catalizadores.